| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Trámites de constitución. - Coñecer cales son os pasos a seguir para a constitución dunha empresa. | • Explicación dos conceptos teóricos e prácticos correspondentes a actividade utilizando para elo os medios audiovisualis necesarios.<br>• Corrección das actividades propostas e explicación dos apartados nos que puidera xurdir algún problema.<br>• Orientación e axuda aos alumnos na realización dos informes sobre o seu plan de empresa. | • Recollida de información sobre os conceptos explicados pola profesora e plantexamento das dúbidas que poidan xurdir.<br>• Resolución, individualmente ou en grupo, dos exercicios propostos. Plantexamento de dúbidas.<br>• Realización dos informes do plan de empresa solicitados nesta actividade.<br>• Realización da proba (exame) plantexada pola profesora. | • Seguimos traballando no noso proxecto emprendedor. Plan de empresa.<br>• Proba escrita.<br>• Notas tomadas polos alumnos sobre conceptos teóricos e prácticos, actividades resoltas. | • Medios audiovisuais e ordenadores con conexión a internet.<br>• Libro de texto.<br>• Apuntes facilitados pola profesora, fundamentalmente a través da aula virtual.<br>• Aula virtual, e carpetas compartidas en Google Drive, correo electrónico e outros medios, como Whatsapp, para as comunicacións do grupo. | • PE.4 - Traballo realizado e contidos estudados na aula.<br>• PE.5 - Traballo realizado e contidos estudados na aula.<br>• PE.6 - Traballo realizado e contidos estudados na aula.<br>• TO.1 - Plan de empresa.<br>• TO.4 - Plan de empresa. | 4,0 |
| | | | | | **TOTAL** | **8,0** |

### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Inversión e financiamento. A administración da empresa. | 20 |

### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | NO |
| RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. | SI |

### 4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Identificar as necesidades de investimento que pode ter a nosa idea de negocio.<br>1.2 Identificar as posibles formas de financiamento. | 1 | Inversión e financiación. | 8,0 |
| 2.1 Coñecer a documentación básica de carácter comercial e contable para unha pequena e unha mediana empresa.<br>2.2 Describir os circuítos que recorre esa documentación na empresa. | 2 | Xestión administrativa. | 4,0 |
| 3.1 Diferenciar as distintas obrigas fiscais que afectan ás empresas.<br>3.2 Coñecer cales son os requisitos para cumprir coas obrigas fiscais da nosa empresa. | 3 | Obrigas fiscais na empresa. | 4,0 |
| 4.1 Utilizar estratexias para a defensa do conxunto do proxecto empresarial.<br>4.2 Presentar e defender o noso proxecto emprensarial. | 4 | Presentación, comunicación e defensa do proxecto. | 4,0 |
| | | TOTAL | 20 |

### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing. | | | 0 |
| CA2.12.4 Elaborouse un plan de empresa que inclúa o plan de tesouraría, a conta de resultados provisional e o balance provisional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira. | • TO.1 | S | 30 |
| CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais. | • PE.1 - Traballo realizado e contidos estudados na aula. | S | 5 |
| CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa. | • PE.2 - Traballo realizado e contidos estudados na aula. | S | 5 |
| CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co mantemento electromecánico, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquida | • PE.3 - Traballo realizado e contidos estudados na aula. | S | 5 |
| CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d | • PE.4 - Traballo realizado e contidos estudados na aula. | S | 5 |
| CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial. | • TO.2 - Plan de empresa | S | 5 |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA4.6 Elaborouse e entregouse un plan de empresa coherente cos distintos informes realizados, en formato dixital e/ou papel, e defendeuse o mesmo. | • TO.3 - Plan de empresa. | S | 40 |
| CA4.7 Analizáronse as diferentes fontes de financiación. | • TO.4 - Plan de ermpresa. | S | 5 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Pautas para a elaboración, presentación e defensa do proxecto<br><br>Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.<br><br>Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.<br><br>Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.<br><br>Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.<br><br>Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.<br><br>Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de mantemento electromecánico: documentos administrativos e documentos de pagamento.<br><br>Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira. |

## 4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Inversión e financiación. - Identificaremos as necesidades de inversión e coñeceremos as posibilidades de financiamento para a nosa empresa. | • Presentación da unidade didáctica 4: breve resumo dos contidos teóricos que se van ver nela e información sobre os instrumentos de avaliación que se van a utilizar para a avaliación da mesma.<br>• Resolución das dúbidas plantexadas e proposta de actividades que permitan afianzar e comprender os contidos explicados.<br>• Corrección das actividades propostas e explicación dos apartados nos que puidera xurdir algún problema.<br>• Orientación e axuda aos alumnos na realización dos informes sobre o seu plan de empresa | • Recollida de información sobre os conceptos explicados pola profesora e plantexamento das dúbidas que poidan xurdir.<br>• Resolución, individualmente ou en grupo, dos exercicios propostos. Plantexamento de dúbidas.<br>• Realización dos informes do plan de empresa solicitados nesta actividade.<br>• Realización da proba escrita proposta pola profesora. | • Notas tomadas polos alumnos sobre conceptos teóricos e prácticos, actividades resoltas.<br>• Seguimos traballando no noso proxecto emprendedor. Plan de empresa.<br>• Proba escrita. | • Apuntes facilitados pola profesora, especialmente a través da aula virtual e Google Drive.<br>• Aula virtual, carpetas compartidas en Google Drive, correo electrónico e outros medios, como Whatsapp, para as comunicacións do grupo.<br>• Medios audiovisuais e ordenadores con conexión a internet.<br>• Libro de texto. | • PE.1 - Traballo realizado e contidos estudados na aula.<br>• PE.2 - Traballo realizado e contidos estudados na aula.<br>• TO.1 | 8,0 |
| Xestión administrativa. - Traballaremos as diferentes formas de xestión administrativa na empresa. | • Explicación dos conceptos teóricos e prácticos correspondentes á actividade utilizando para elo os medios necesarios..<br>• Resolución das dúbidas plantexadas e proposta de actividades que permitan afianzar e comprender os contidos explicados.<br>• Corrección das actividades propostas e explicación dos apartados nos que puidera xurdir algún problema. | • Orientación e axuda aos alumnos na realización dos informes sobre o seu plan de empresa<br>• Proba escrita prosposta pola profesora. | • Notas tomadas polos alumnos sobre conceptos teóricos e prácticos, actividades resoltas.<br>• Seguimos traballando no noso proxecto emprendedor. Plan de empresa.<br>• Proba escrita. | • Apuntes facilitados pola profesora, especialmente a través da aula virtual e Google Drive.<br>• Aula virtual, carpetas compartidas en Google Drive, correo electrónico e outros medios, como Whatsapp, para as comunicacións do grupo.<br>• Medios audiovisuais e ordenadores con conexión a internet.<br>• Libro de texto. | • PE.4 - Traballo realizado e contidos estudados na aula.<br>• TO.1 | 4,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Obrigas fiscais na empresa. - Coñeceremos as distintas obrigas fiscais que teñen as empresas. | • Explicación dos conceptos teóricos e prácticos correspondentes á actividade utilizando para elo os medios necesarios.<br>• Resolución das dúbidas plantexadas e proposta de actividades que permitan afianzar e comprender os contidos explicados.<br>• Corrección das actividades propostas e explicación dos apartados nos que puidera xurdir algún problema.<br>• Orientación e axuda aos alumnos na realización dos informes sobre o seu plan de empresa. | • Recollida de información sobre os conceptos explicados pola profesora e plantexamento das dúbidas que poidan xurdir.<br>• Resolución, individualmente ou en grupo, dos exercicios propostos.<br>• Realización dos informes do plan de empresa solicitados nesta actividade.<br>• Proba escrita prosposta pola profesora. | • Notas tomadas polos alumnos sobre conceptos teóricos e prácticos, actividades resoltas.<br>• Seguimos traballando no noso proxecto emprendedor. Plan de empresa.<br>• Proba escrita. | • Apuntes facilitados pola profesora, especialmente a través da aula virtual e Google Drive.<br>• Aula virtual, carpetas compartidas en Google Drive, correo electrónico e outros medios, como Whatsapp, para as comunicacións do grupo.<br>• Medios audiovisuais e ordenadores con conexión a internet.<br>• Libro de texto. | • PE.3 - Traballo realizado e contidos estudados na aula.<br>• TO.1 | 4,0 |
| Presentación, comunicación e defensa do proxecto. - O noso proxecto empresarial. Comunicar e presentar o traballo realizado. | • Información aos alumnos sobre as pautas para a exposición do seu proxecto e empresa.<br>• Valoración do traballo realizado polos alumnos. | • Presentación e defensa do seu proxecto e empresa utilizando para elo os medios audiovisuais que estimen oportunos. | • Plan de empresa. | • Apuntes facilitados pola profesora, especialmente a través da aula virtual e Google Drive.<br>• Aula virtual, carpetas compartidas en Google Drive, correo electrónico e outros medios, como Whatsapp, para as comunicacións do grupo.<br>• Medios audiovisuais e ordenadores con conexión a internet.<br>• Libro de texto. | • TO.1<br>• TO.2 - Plan de empresa<br>• TO.3 - Plan de empresa.<br>• TO.4 - Plan de ermpresa. | 4,0 |
| | | | | | TOTAL | 20,0 |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

a) Os mínimos esixibles.

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora son os establecidos no Decreto 115/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en mantemento electromecánico .
Ditos mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva veñen reflejados como resultados de aprendizaje, criterios de avaliación e contidos básicos para cada unidade formativa.

Os criterios de avaliación recollidos como elementos curriculares son indicadores do nivel aceptable de desenvolvemento dos resultados da aprendizaxe correspondentes, de xeito que nas diversas actividades e probas de avaliación tomaranse en conta para a medición das aprendizaxes.
Na avaliación, consideraranse, en todo caso, aqueles criterios de avaliación marcados como mínimos esixibles en cada unha das unidades didácticas.
A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo profesional do ciclo formativo.

Comprobarase o grado de consecución dos mínimos esixibles, asignándose unha cualificación en cada avaliación.
Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos, e para que poidan facer media coa cualificación doutras actividades para a cualificación parcial ou final do módulo, será necesario lograr ao menos un 5 en cada actividade.
Considérase obrigatoria a entrega dos informes relativos ao proxecto empresarial, tanto de carácter parcial, no seu caso, como o proxecto final.

b) Instrumentos e criterios de cualificación aplicados.

Combinarase a avaliación mediante probas escritas: realización de actividades coa finalidade da posterior presentación do proxecto emrpresarial e casos prácticos individuais e grupais propostos pola profesora, coa entrega dun proxecto empresarial básico para a posta en marcha dunha pequena empresa do sector de actividade, que deberá ser entregado unha vez finalizado o curso para a súa valoración (entendido como a secuencia de respostas a diferentes actividades propostas na aula) e poder superar o módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora.
Neste senso o proxecto empresarial irase realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe.

Os seguintes instrumentos de avaliación serán comúns para todas as unidades formativas:
-Diario de clase (presencial/virtual): Observación do traballo na aula (presencial e virtual) e doutros factores como a participación, puntualidade na entrega de producións, interese e motivación do alumno.
-Resolución de actividades e casos prácticos: Análise das producións dos alumnos para dar desposta a diferentes situacións plantexadas pola profesora.
-Proba obxectiva: Conxunto de tarefas que se lle presentan ao alumnado para que demostren, de xeito individual, o dominio das capacidades e coñecementos. Farase para unha unidade didáctica ou conxunta a outras unidades didácticas segundo o criterio da profesora, e consisten en cuestionarios, preguntas e resolución de casos prácticos.
-Táboas de observación.

O peso de ditos instrumentos na avaliación parcial trimestral será a seguinte:
- Cumprimento do prazo de entrega %: 10%
- Boa presentación, utilización do material propio, claridade dos contidos %: 10%
- Resolución de actividades e desenvolvemento das fases correspondentes do proxecto empresarial, casos prácticos e proba obxectiva (unha ou varias por trimestre segundo o criterio da profesora) %: 80%.

Nota: Requerirase un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada proba obxectiva para alcanzar a avaliación positiva.
Nota: No caso de entrega fora de prazo, permitirase entregar as actividades ata a data límite establecida pola profesora (unha semana antes da data da avaliación que corresponda), pero coa perda correspondente do 10% neste apartado.

A cualificación do módulo será numérica entre 1 e 10, sen decimais.
Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.
Para acadar unha avaliación positiva o alumno deberá conseguir ou superar os 5 puntos.

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións dos dous trimestres no caso de seren cada unha delas de 5 puntos ou máis. No caso de ser algunha das dúas ou as dúas inferiores a 5 puntos, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo correspondente, que terá un peso do 100% e unha estrutura similar ás probas específicas de avaliación trimestrais.
Considérase obrigatoria a entrega dos informes relativos ao proxecto empresarial, tanto de carácter parcial, no seu caso, como o proxecto final.

O alumnado que durante a realización dunha proba escrita ou na realización dun proxecto realizara calquera acto de copia, suplantación ou cambio da proba ou proxecto, obterá unha puntuación de 1 punto. Tanto nas probas obxectivas como no proxecto a sanción afectará a todos os estudantes involucrados: quen copie e quen sexa copiado, por ser responsabilidade dos alumnos evitar que a súa proba ou traballo e todo o material avaliable sexa obxecto de copia.
A reprodución total ou parcial de calquera material extraido de internet ou doutras fontes non autorizadas pola profesora e que sexa utilizado para a avaliación do estudante se considerará copia.

O módulo desenvolverase en tres escenarios posibles atendendo á situación sanitaria derivada do Covid19 en cada momento:

- Presencial, traballaremos na aula co libro de texto e os apuntes proporcionados pola profesora, e complementaremos o proceso de ensino - aprendizaxe coa aula virtual do IES Punta Candieira, co Google Drive, que é un servizo de aloxamento de arquivos co que conta todo o alumnado, e o correo electrónico. As comunicacións co alumnado serán preferentemente en persoa, ou a través da aula virtual, e completaranse co emprego do correo electrónico, o Whatsapp, e, cando sexa preciso, a comunicación telefónica.
- Semipresencial, traballaremos na aula co libro de texto e os apuntes proporcionados pola profesora, e complementaremos o proceso de ensino - aprendizaxe coa aula virtual do IES Punta Candieira, complementándose co Google Drive, que é un servizo de aloxamento de arquivos co que conta todo o alumnado, e o correo electrónico. As comunicacións co alumnado serán preferentemente en persoa, ou a través da aula virtual, e completaranse co emprego do correo electrónico, o Whatsapp, e, cando sexa preciso, a comunicación telefónica. As clases, cando non sexan presenciais, desenvolveranse de xeito virtual empregando a aplicación de vídeo-conferencia que pon á disposición do profesorado a Consellería de Cultura, Educación, e Universidade (Webex Meet ou similar)
- A distancia, o proceso de ensino - aprendizaxe desenvolverase a través da aula virtual do IES Punta Candieira, complementándose co Google Drive, que é un servizo de aloxamento de arquivos co que conta todo o alumnado, e o correo electrónico. As comunicacións co alumnado serán a través da aula virtual, e completaranse co emprego do correo electrónico, o Whatsapp, e, cando sexa preciso, a comunicación telefónica. As clases desenvolveranse de xeito virtual empregando a aplicación de vídeo-conferencia que pon á disposición do profesorado a Consellería de Cultura, Educación, e Universidade (Webex Meet ou similar)

Os instrumentos de avaliación serán comúns para todas as unidades formativas calquera que sexa o escenario de desenvolvemento da docencia (presencial, semipresencial ou a distancia), e o peso de ditos instrumentos será o establecido con carácter xeral nesta programación didáctica.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A finais do último trimestre celebrarase unha única Proba específica de avaliación global para recuperar os cuestionarios ou probas obxectivas non superados do último trimestre ou ben de trimestres anteriores.
Esta Proba específica de avaliación global será para determinar se o alumno acadou os mínimos exixibles determinados para cada Resultado de Aprendizaxe.
Ademais deberá entregar, con carácter obrigatorio, debidamente elaborado, o proxecto empresarial básico que se foi desenvolvendo e confeccionando ao longo do curso.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua e co que, por razóns de ausencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, que terá unha estrutura similar a Proba específica de avaliación global e que, igual que esta, servirá para determinar se o alumno acadou os mínimos esixibles para cada Resultado de Aprendizaxe,.

Esta proba de avaliación extraordinaria requirirá a entrega previa do informe final do proxecto empresarial, con polo menos 10 días de antelación á data de realización da proba extraordinaria de avaliación.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comprende a avaliación da propia programacións sempre que as circunstancias o requiran e da actuación do profesor. Implica por parte do profesor un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da súa programación e o seu sistema de ensinanza, co fin de introducir medidas de mellora no proceso.

1) Cada semana o profesor recollerá na aplicación informática de seguimento da programación as modificacións ou observacións da adecuación entre o planificado e o realmente levado a cabo.

2) Mensualmente analizarase o desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificacións para o seguinte curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Adoptaranse as medidas acordadas polo Equipo Docente do Ciclo Formativo e o Departamento de Orientación tras a sesión de avaliación inicial do Ciclo Formativo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, exporase na reunión do equipo docente do ciclo, a fin de que en consenso se tomen as medidas necesarias.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Aspectos moi importantes neste módulo son os relacionados coa sustentabilidade do planeta, o impacto ambiental das actividades económicas, o coñecemento das empresas de economía social, o balance social das empresas....aspectos que serán desenvoltos transversalmente en cada unha das unidades didácticas que traballaremos co alumnado.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Serán as que se determinen conxuntamente no departamento , ou cos outros profesores que impartan outros módulos neste ciclo formativo.
Ademais colaborarase e participarase en todas aquelas actividades complementarias que se organicen por outros departamentos.

## 10.Outros apartados

### 10.1) EIE

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.
A formación do módulo permite alcanzar os obxectivos xerais o), r), s), t), u), y) e z) do ciclo formativo, e as competencias o), p), q) e r).
As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas de mantemento electromecánico, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
- Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
- Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.
- Realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade de mantemento
electromecánico composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa incluirá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.
O plan financeiro ha incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados provisional e o balance previsional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.
É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O módulo desenvolverase presencialmente, pero cando as circunstancias impidan o seu desenvolvemento presencial, tanto no caso de semipresencialidade, como no caso de desenvolvemento do mesmo de xeito íntegramente virtual, traballaremos coa aula virtual do IES Punta Candieira, co Google Drive, que é un servizo de aloxamento de arquivos co que contan todo o alumnado, e coa aplicación de vídeo-conferencia que pon á disposición do profesorado a Consellería de Cultura, Educación, e Universidade.
As comunicacións co alumnado serán preferentemente a través da aula virtual, e completaranse co emprego do correo electrónico, o Whatsapp, e, cando sexa preciso, a comunicación telefónica en caso non ser posible o desenvolvemento presencial do módulo.